



UNHA PRODUCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

ÁS OITU DA TARDE, CANDO MORREN AS NAIS

de AveLina Pérez
dirección e dramaturxia Marta Pazos

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).


Centro Dramático Galego


Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)


 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092

prensa.agadic@xunta.gal

www.agadic.gal

 [agadic](https://www.facebook.com/agadic)

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

ÁS OITU DA TARDE, CANDO MORREN AS NAIS

de AveLina Pérez
dirección e dramaturxia Marta Pazos

SAIDA



Índice

<i>O noso espazo de liberdade, a nosa fonte de ledicia</i> , Fran Núñez.....	04
<i>Aí está o público. Que pase</i> , Marta Pazos.....	06
Ficha artística.....	08
Funcións.....	09
Sinopse.....	10
Dirección e dramaturxia: Marta Pazos.....	13
Texto: AveLina Pérez.....	15
O elenco.....	16
O equipo artístico.....	24



O noso espazo de liberdade, a nosa fonte de ledicia

Fran Núñez | Director do CDG

Ás oito da tarde, cando morren as nais foi galardoado co XXIV Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais da Xunta de Galicia. Segundo o xurado, conformado por Laura Tato como presidenta e as vogais Ana Carreira, Cristina Domínguez, Laura Míguez, Cándido Pazó e Roi Vidal Ponte, o texto “explota as posibilidades do xogo escénico cunha concepción aberta do espazo e cunha mirada irónica sobre a relación entre o teatro e a súa recepción”.

Ese é o punto central deste proxecto, a recepción do teatro, o público, a cidadanía. Entendo que para iso facemos teatro, para iso escribimos teatro: para a xente. E por iso era máis que necesario sacar este magnífico texto do papel e subilo ás táboas encarnado nos corpos e nas voces dun poderoso elenco e baixo o ollar de Marta Pazos.

Ás oito da tarde, cando morren as nais fala do baleiro, das nosas contradicións, da estupidez humana, de nós. E faino dende a autocrítica, dende o lúdico, dende o xogo, dende o humor.

Marta Pazos recolle o texto de Avelina Pérez para xogar con el, adaptalo, para compartilo co público nun espazo de liberdade.

Este espectáculo é unha homenaxe a ese público que nos acompañou no peor da pandemia, a esa cidadanía comprometida co teatro e coa cultura. Esa cidadanía que, mesmo non sendo habitual dos teatros, entendeu que era importante apoiar o sector, que se abrisen os teatros para 60 ou incluso 30 persoas.

Lembro que hai anos, nunha clase de economía, unha profesora falaba de canto estaríamos dispostos a pagar por que non se destrúsen as pirámides de Exipto. Moitas persoas da sala nunca as viran, outras nin interese tiñan en velas, pero todas achegarían algo de cartos para preservalas. Algunhas para ter a opción remota, se quixesen, de ir velas, outras para que as seguintes xeracións puidesen gozar delas. Iso pasou coa cultura durante o confinamento. A sociedade, no seu conxunto, fixo un esforzo para preservala. As persoas, fosen consumidoras ou non, estiveron a favor de apoiar a cultura. O teatro, a danza, o cinema, a literatura e a arte foron un refuxio no medio da tempestade.

Hai quen di que podemos vivir sen teatro, sen cultura. E se cadra é verdade. Pero tamén o é que a cultura nos fai máis felices, máis libres. E pode que, nun tempo triste e cheo de limitacións coma o que pasamos durante a pandemia, a cultura fora o noso espazo de liberdade, a nosa fonte de ledicia.

Aí está o público. Que pase

Marta Pazos

Non é segredo ningún: admiro a Avelina Pérez como artista e como persoa, pola súa intelixencia, autenticidade e compromiso coa arte. Ela é unha creadora fascinante, un tesouro deste século de ouro que estamos a vivir na dramaturxia galega e é para min un agasallo poder dirixir este texto na nosa compañía pública.

En *Ás oito da tarde, cando morren as nais*, Pérez desprega a súa afiada pena e non deixa monicreque con cabeza no *egosistema* do teatro. Pero lonxe de ser unha historia endogámica, ela debuxa unha paisaxe universal, un espello esperpéntico da sociedade occidental contemporánea.

Comezo a dirixir este texto de Avelina poucos días despois de estrear no Centro Dramático Nacional a *Comedia sen título* de Federico García Lorca. Nesta obra, un director e dramaturgo (álter ego do poeta granadino) increpa o público, instigando á revolución, farto de traballar para un teatro burgués á procura dun teatro máis achegado á realidade.

Estas dúas pezas forman para min un díptico nas que o binomio artista-público (real ou ficticio) é o protagonista absoluto. É coma nunha relación de amor ou de odio, non existe o feito teatral se non hai alguén que dá e alguén que recibe, sexan apertas ou hostias.

A posta en escena secciona, literalmente, unha sala de teatro para mostrar unha realidade por veces máxica, por veces crúa, onde poder reflectirnos a través da retranca e do absurdo.

Esta función comeza, literalmente, ás oito da tarde e como di Lorca: "A madeira dos ataúdes de todos os que estamos na sala está xa cortada".



Ficha artística

Texto de **AveLina Pérez**

Dirección e dramaturxia: **Marta Pazos**

Elenco

Camila Bossa
Sabela Domínguez
Xosé Manuel Esperante
Davide González
María Llanderas
Alba Loureiro
Toni Salgado

Equipo artístico

Movemento
Espazo sonoro
Iluminación
Escenografía
Vestuario
Caracterización
Asistencia de dirección
Asistencia de escenografía
Asistencia de vestuario
Asistencia de produción

Rut Balbís
Hugo Torres
Nuno Meira
Blanca Añón
Pier Paolo Álvaro
Esther Quintas
Iria Azevedo
Pablo Chaves Maza
Roger Portal Cervera
Xandre Vázquez

Realizacións

Vestuario
Coordinación e corrección de textos | Asesoría lingüística
Fotografías e vídeos
Deseño gráfico
Accesibilidade LSE

Equipo técnico do CDG
Rosa Moledo
Miramemira
Trisquelia
Los Últimos - Inclusión

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Secretaría de dirección
Axudantes de produción

Xestión

Administrativa
Comunicación, prensa e redes sociais
Publicacións

Fran Núñez
Francisco Veiga
Susana Caamaño
Laura Hevia
e M.^a Luz Armentia
Ledicia Fernández e
Manuela González
América Peña
Ana Miragaya, Ana Rosales
e Celeste Suárez
Marcelina Calvo e Alberto
Santamaría

Equipo técnico

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Auxiliar de son
Encargado de estrutura escénica
Tremoias

Auxiliar de imaxe e son
Encargado de talleres
Xastra

Limpeza

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño
e Guillermo Vázquez
Hugo Peñamaría
Salvador Forján

Antonio Mayo, Óscar Ortega,
Xaquín Rei, René Rodríguez,
Suso Rodríguez e
Elixio Vieites
Juan Carlos Pacios
Fernando Rodríguez
María Negreira e
Cristina Cordido
Laura López e Marisol Pérez

Funcións

Estrea	Xoves 14 de abril ás 20.00 h
Temporada no Salón Teatro	Do 14 de abril ao 1 de maio
Funcións	De mércores* a Domingo
Horarios	Mércores ás 18.00 h. Xoves, venres e sábados ás 20.00 h. Domingos ás 18.00 h
*Funcións descontraídas	Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 6 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.
Funcións inclusivas	A partir da segunda semana e en todas as representacións, estará en probas o novo sistema de signado, audiodescrición e sobretitulado. Ademais, porase ao dispor do público o programa de lectura fácil, en colaboración coa asociación FADEMGGA-Plena Inclusión.

Venda de entradas

Despacho de billetes do Salón Teatro	Dúas horas antes de cada función
Venda anticipada en liña	Ataquilla.com
Prezo das localidades	10 euros
Descontos	40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC). 3x2 Se traes dúas persoas, invitámote ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro). 40 % Día do Espectador (Domingo): 6 euros.
Etiqueta sanitaria	Máscara hixiénica e desinfección de mans á entrada e á saída. No caso de presentar síntomas compatibles coa covid-19 ou tela diagnosticada, non se deberá acudir ao teatro. Capacidade limitada ás restricións sanitarias en vigor en cada momento na cidade.

Xira

MAIO

Cee. Auditorio Baldomero Cores (Casa da Cultura)

Xoves 5 (función escolar) | Venres 6 e sábado 7 ás 21.00 h | Domingo 8 ás 19.30 h

Beja (Portugal). Pax Julia - Teatro Municipal

Xoves 12 ás 21.00 h

Coímbra (Portugal). Teatro da Cerca de São Bernardo

Sábado 14 ás 21.30 h

Cedeira. Auditorio Municipal

Xoves 19 (función escolar) | Venres 20 e sábado 21 ás 21.00 h | Domingo 22 ás 19.00 h

Catoira. Auditorio Municipal

Xoves 26 (función escolar) | Venres 27 e sábado 28 ás 21.00 h | Domingo 29 ás 19.00 h

XUÑO

A Estrada. Teatro Principal

Xoves 2 (función escolar) | Venres 3 e sábado 4 ás 21.00 h | Domingo 5 ás 19.00 h

Duración: 75 min. Espectáculo recomendado para maiores de 12 anos

Sinopse

Ás oito da tarde, cando morren as nais é un canto coral sustentado no baleiro, un xogo irónico sobre a relación entre o teatro e a súa recepción.

Aquí, a procura da identidade individual, amparada na masa superficial e ignorante, que presume de coñecementos inútiles, amósase indecente. Nun teatro, lugar (supostamente) de encontro, asistimos ao espectáculo da estupidez. E debaixo de todo o insultante: nós. Tan pequeniños, tan perigosos...





Marta Pazos

DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

É unha das artistas e creadoras máis significativa e relevante da vangarda escénica española. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona na especialidade de pintura, tras vinte anos de experimentación autodidacta, completa a súa formación en Italia laureándose na Scuola Cònia da Societas Raffaello Sanzio dirixida por Claudia Castellucci. Funda a compañía Voadora en 2007, coa que asina algunhas das súas montaxes máis emblemáticas.

Desde o ano 2000, dirixe teatro e ópera para o Centro Dramático Nacional, Teatro Real, Teatro Español, Teatre Lliure, Teatro de La Abadía, Centro Dramático Galego ou o teatro nacional francés MA Scène Nationale, entre outros.

O traballo de Pazos destaca pola dimensión plástica e unha emancipación estética que vai alén do teatro realista. As súas montaxes teñen un fondo impacto visual que permanece na retina das espectadoras e espectadores durante longo tempo.

Recibiu numerosos premios ao longo da súa traxectoria nos que destacan o Premio de Honra ao mérito nas Artes Escénicas da MIT Ribadavia, o Premio de Honor Dorotea Bárcena do Fetega 2018 e catro Premios de Teatro María Casares como directora e escenógrafa.

Entre os seus traballos destacan a estrea mundial da ópera *Je suis narcissiste*, coa que é finalista nos International Opera Awards 2020; as versións das obras de Shakespeare *Sóño dunha noite de verán*, *A tempestade* e *Othello*; *Tokio3*, unha revisión da Divina Comedia de Dante Alighieri coa que foi finalista ao mellor espectáculo revelación dos Premios MAX; *Garage*, un traballo sobre o papel da muller na industria automobilística protagonizado por traballadoras de PSA Peugeot-Citröen; ou as montaxes sobre textos de Federico García Lorca *Viaje a la luna* estreada no Teatre Lliure e a exitosa *Comedia sen título* para o Centro Dramático Nacional.



AveLina Pérez

TEXTO

Creadora escénica, fórmase en interpretación na Escola Santart e é titulada en dirección de escena e dramaturxia pola ESAD de Galicia.

Dentro do proxecto escénico que leva o seu nome é directora, dramaturga e actriz das pezas *Eco*; *Por favor, ténteo novamente máis tarde*, ambas en coprodución co CDG; *A que non podes dicir cocacola? (I e II)*; *Deixa de tocala, Sam*; *Os cans non comprenden a Kandinsky* e *Vaguedás*.

Dirixiu *Espida*, da Compañía lo e *Gañaremos o pan coa suor da túa fronte*, da Compañía Tripalium, entre outras producións.

O seu facer teatral camiña entre a impartición de obradoiros de creación escénica e dramaturxia, as producións propias e a escrita teatral.

Acada varios premios en dramaturxia breve e radioteatro, ademais de recibir o Álvaro Cunqueiro coa peza *Ás oito da tarde, cando morren as nais* e o Premio Abrente con *O día no que bicar a terra*.

Acaba de publicar o texto *Ese silencio*, en Edicións Positivas.

0 elenco

SAIDA





CAMILA BOSSA

Nada en Colombia, durante os seus anos universitarios forma parte do grupo EIS de Teatro, onde se familiariza coa interpretación e a lingua galega.

En 1998 comeza a súa carreira profesional na mítica serie da TVG *Mareas Vivas*. Posteriormente continuará unha extensa carreira no eido audiovisual, con series como *As leis de Celavella*, *Matalobos*, *Hospital Real*, *Vivir sin permiso*, *Cuestión de sexo* ou *El desorden que dejas*. Tamén traballou en curtametraxes, TV movies como *A Mariñeira* e en películas como *O ano da Carracha* ou *18 comidas* de Jorge Coira.

En teatro traballou no CDG na montaxe *A burla do galo*, de Xan Cejudo e coa compañía Pilar Pereira en *Un lunar vermello* e *Contrátenos, por favor!* No ano 2010 estreou o cabaré *Malos hábitos*, de José Prieto.

A formación nas diferentes disciplinas de corpo, interpretación e voz ocupa boa parte do seu tempo. Así, sempre que lle é posible, favorece esta aprendizaxe participando en talleres impartidos por: Andrés Lima, Paco Pino, Ángel Burgos, Jesús Aladrén, Eva Lesmes, Mariano Barroso, Víctor Duplá, Marta Pazos, Alfredo Sanzol, Teatro En Vilo, Lorena Bayonas ou Fernando Tato, entre outros nomes.



SABELA DOMÍNGUEZ

Comeza a súa formación como bailarina en danza clásica, jazz e interpretación aos doce anos. Graduada no bacharelato de artes escénicas, múdase a Inglaterra para formarse con profesionais da coreografía internacionais, especializándose en danzas urbanas e danzas club. En Londres forma parte da compañía de danza urbana Boy Blue Entertainment, baixo a dirección de Kenrick Sandy.

En 2016 volve a Galicia para cofundar a súa compañía de danza urbana e creación contemporánea Elahood. Con ela percorre a xeografía galega coas producións *A soidade de Wally*, *Impermeable*, *Noua*, *Protocolo* e *Intempestiva*. Esta última recibe o primeiro premio e o premio da crítica no Certame Coreográfico de Madrid Paso a 2, e o premio a mellor peza no Certame DZM no 2021. En febreiro de 2022 estrea *NÓ*, en réxime de coprodución co Centro Coreográfico Galego.

En paralelo, colabora en espectáculos doutras compañías de danza e artes vivas, como intérprete, cocreadora, codirectora ou asesora de coreografía. Entre eles están *A love letter to humanity* de Rachel Kay, *Clásicas Desfeitas Volume III: Orlando*, *A Consagración da Primavera* e o *Mito de Sísifo*, unha coprodución entre o CDG e a Cidade da Cultura, *Replay 2.0* de Pisando Ovos, *Canela* de Laboratorio Escénico Coop e *Occo* de Colectivo D'elas.



XOSÉ MANUEL ESPERANTE

Tras comezar a súa carreira na Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, formouse con profesionais como Roberto Salgueiro, Manolo Lourenzo, Cristina Domínguez, John Wright, Adan Black, Iñaqui Aierra ou Manuel Martín Cuenca. Obtivo unha bolsa de perfeccionamento de estudos artísticos da Deputación da Coruña e actualmente cursa un máster en Estudos Avanzados en Teatro pola UNIR.

Traballou en diversas compañías de teatro, como o CDG, Anómico Teatro, Baobab Teatro, Cámara Negra, Pedras de Cartón, Caramuxo, Ibuprofeno teatro, A Factoría, Uvegá, Teatro Galileo, Inversa e Arela das Artes, entre outras.

No eido audiovisual participou en series e longametraxes como *Fariña*, *Lobos sucios*, *Sofía Casanova*, *Obreira do pensamento*, *Quen a ferro mata*, *A Estiba*, *El comisario*, *El tiempo de Plácido Meana*, *Hospital Real*, *Amar en tiempos revueltos*, *O ano da carracha*, *Vientos de agua*, *Galicia Exprés*, *Fragments de Brand*, *Malas temporadas*, *O club da calceta* ou *Serramoura*.

En 2001 foi galardoado co premio á mellor interpretación na III Mostra de Curtametraxes Vila de Noia polo seu traballo en *Inútil*, de Paco Rañal.



DAVIDE GONZÁLEZ

Intérprete, músico, compositor musical, director de escena e cofundador da compañía Incendiaria, é licenciado en Interpretación xestual pola ESAD de Galicia. Cunha formación activa, diversa e multidisciplinario, aprendeu con profesionais como Laila Ripoll, Alfredo Sanzol, Iñaki Moreno, Oguri e Roxanne Steinberg, Tito Asorey, Marco Layera, Marta Pazos, Miguel Cubero, Daniel Abreu e Mónica García.

Como intérprete e músico destacan traballos como *A lúa vai encuberta*, (Premio do II Certame Manuel María de proxectos teatrais), *Especies Lázaro*, *Ris*, *Ras*, *Puño, puñete*, *Pum*, *Pum!*, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, *Carabela* e *Microspectivas dun marica millennial*. Como director asina os espectáculos para público familiar *Carabela* e *Muiñada*, de Galeatro, para os cales tamén compón a música orixinal.

En 2021 recibiu o Premio María Casares a Mellor Actor Protagonista e a Mellor Texto Orixinal (Vanesa Sotelo e Davide González) polo espectáculo *Microspectivas dun marica millennial*.



MARÍA LLANDERAS

Actriz, *performer* e creadora escénica, traballa principalmente no eido das artes performativas e do movemento. Titulada superior na especialidade de Teatro Xestual (ESAD de Galicia) e mestra en Artes Performativas (Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa), foi bolsreira na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno (República Checa) e no teatro Ģertrūdes ielas en Riga (Letonia). Neste país formou parte do colectivo de artes vivas e danza butō Ideagnosis e colaborou coa coreógrafa Katrina Albuze.

En Galicia fundou xunto con Lucía Hernández a compañía Agulla de Marear. Traballou como *performer* e directora de movemento con Eduardo Batata en *Onanismos* e formou parte do elenco en *Ébrio*. Tamén codirixiu e actuou no espectáculo *Entre flores e batallas* para o CCB, e participou no festival Fast Forward-European Festival for Young Stage Directors (Dresden, Alemaña).

Desenvolveu o proxecto *Corpos ilexíbeis*, investigación sobre a relación entre corpo e espazo público, que se materializou no roteiro audio-guiado *Carne radioactiva*.

En 2021 formou parte do elenco da produción do CDG *Serva me, servabo te*. Actualmente prepara *A idea primaria é esnaquizalo a cabezadas*, espectáculo arredor da figura e poesía de Xela Arias seleccionado para as Residencias Paraíso.



ALBA LOUREIRO

Comeza a súa formación moi nova, con Paloma Lugilde e a compañía Palimoco Teatro, ademais de con profesionais como Vicente Fuentes, Isabel Úbeda, Carlos Aladro, Ánxeles Cuña ou José Piris. Recibiu unha bolsa para estudar Interpretación na Herning Hojskole en Herning, Dinamarca, con mestres do Odin Teatro. A súa traxectoria profesional arranca con Palimoco Teatro e outras compañías como Os Monicreques de Kukas, Matarile Teatro, ou baixo a dirección de Fernando Dacosta.

Estuda en Madrid Interpretación Xestual na RESAD e traballa con directores como Carlota Ferrer en *Hacia la belleza* e de maneira regular coa Compañía del Señor Smith, dirixida por Pedro Casas. Tamén con Gabriel Olivares en Teatro Lab, onde protagoniza *Ding Dong* e *Proyecto Edipo*, e adestra en técnicas de teatro físico como *Suzuki* e *View Points*. Formou parte do elenco de *Peregrinos*, coproducción de El Pavón Teatro Kamikaze e Voilá Producciones.

Recibiu o Premio a Mellor Actriz no 40 Festival Internacional de Teatro Vegas Bajas en 2021 con *Katana*, de Viejas Promesas, que continúa de xira. Tamén está a representar *Macbeth* baixo a dirección de Víctor Conde e Amaya Galeote.

En cine participou en películas como *María (y los demás)* e en televisión os seus últimos traballos foron en series como *La línea invisible*, *Auga seca* ou *Desaparecidos*, pendente de estrea. Actualmente está rodando a nova serie de CTV e SPI, *Motel Valkirias* baixo a dirección de Álex Sampayo.



TONI SALGADO

Logo de iniciarse na Aula de Teatro da Universidade de Santiago, en *Os vellos non deben namorarse*, *O burgués xentilhome*, *Matanza*, *Apnea* ou *Hamlet*, seguiu a súa andaina con A Factoría Teatro en montaxes como *O canto do Dime-Dime*, *lesí Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, *Os homes só contan até tres*, *Castróns*, *o baile*; *Sr. Mundo, dígame?* ou *Alicia & Alicia*.

Traballou para Nordesía e Turgalicia no espectáculo-cabaré *Centolla T.V.* e con Ónfalo en *Na meta*, así como co CDG en *O regreso ao deserto* e *A boa persoa de Sezuán*. Recibiu o Premio María Casares a Mellor Actor Protagonista por *O principio de Arquímedes* de Teatro do Atlántico. Participou tamén con Ibuprofeno Teatro en *Raclette* e, como axudante de dirección, en *Invisibles*. Colabora habitualmente coa compañía independente Uttópico Teatro en teatro experimental.

Formouse con profesionais como John Strasberg, Andrés Lima, Thomas Leabherth, Iaroslav Bielski, Luís Iglesia, Massimo Malucelli, Claudi Faci, Natalia Mateo ou Fernando Piernas.

No audiovisual participou nas series *Escoba!*, *Piratas*, *Pratos combinados*, *Mar libre*, *Pazo de familia*, *Serramoura*, *A estiba*, *Néboa*, *El punto frío*, *O sabor das margaridas*, *El secreto de Puenteviejo*, *La casa de papel* e *Rapa* e nos filmes *Doentes* e *La sombra de la ley*, entre outros títulos.

Na actualidade complementa a súa formación con estudos de dirección escénica e dramaturxia na ESAD de Galicia.

O equipo artístico



Rut Balbís

MOVEMENTO

Creadora-coreógrafa, intérprete e docente en artes do movemento, é Licenciada en C.C. da Actividade Física e do Deporte e realizou o One Year Certificate in Contemporary Dance en The Place (Londres).

Dirixe a súa agrupación Pisando ovos, coa que recibiu o primeiro premio do XXI Certamen Coreográfico de Madrid en 2007. As nove producións da compañía participan de forma habitual nas Redes de teatros, así como en destacados festivais nacionais ou internacionais.

En paralelo colabora con outras compañías de teatro e danza na dirección e asesoramento de movemento, como con Las Tricotouses, Chévere, TrasPediente, Voadora, Paula Quintas, Masamadre, Marelas Teatro, Aire no Ar ou o CDG; e tamén como intérprete con Matarile Teatro, Iker Gómez, Lipi Hernández ou Licenciada Sotelo. Tamén participou de diferentes proxectos audiovisuais.

Como docente dirixiu a Aula de Danza Normal da UDC. Ademais, é integrante do colectivo RPM e colaboradora habitual da sección de artes do movemento do Diario Cultural da Radio Galega. En 2019 recibiu o Premio da crítica de Galicia das artes escénicas en recoñecemento ao seu labor na difusión e dignificación da danza contemporánea en Galicia.



Hugo Torres

ESPAZO SONORO

Compositor, músico, intérprete e director artístico. Procedente dunha familia de actores e produtores de teatro do interior de Portugal. Tras o seu paso pola Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo de Porto, interpreta papeis icónicos da literatura dramática universal en escenarios como o Teatro Argentina de Roma ou o Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa. Como actor traballou baixo a dirección de Ricardo Pais, Giorgio Corsetti, Nuno Carinhas, Nuno Cardoso, Marta Pazos, Quico Cadaval, Carlos Santiago ou Marcos Barbosa, entre outros; e actúa na película *Las altas presiones*.

Compuxo bandas sonoras orixinais para o Centro Dramático Galego, o Centro Dramático Nacional ou o Teatro de la Abadía, entre outros. É produtor musical e coautor dunha vintena de bandas sonoras para a compañía Voadora, da que é cofundador.

Conta cun Premio María Casares á Mellor Música Orixinal por *Tokio3*.



Nuno Meira

ILUMINACIÓN

Desenvolveu o seu traballo exclusivamente como deseñador de iluminación, colaborando con varios creadores portugueses nos ámbitos do teatro e da danza, con especial énfase en Ana Luísa Guimarães, António Cabrita & São Castro, António Júlio, António Lago & Susana Chiocca, Beatriz Batarda, Diogo Infante, Gonçalo Waddington, Ivo Alexandre, Jacinto Lucas Pires, João Cardoso, João Pedro Vaz, João Reis, Luís Araújo, Manuel Wiborg, Marco Martins, Nélia Pinheiro, Nuno Carinhas, Paulo Ribeiro, Tiago Guedes, Tiago Rodrigues, Ricardo Pais, Rui Lopes Graça e Sara Barbosa. Foi socio fundador de Teatro Só (1995) e Cão Danado e Companhia (2001). Tamén é socio de ASSÉDIO desde 1998 e colaborador habitual da Companhia Paulo Ribeiro, desde 2001, e Arena Ensemble, desde 2007.

En 2018 inicia unha colaboración habitual coa compañía Voadora e en particular con Marta Pazos nas montaxes Garage, presentada no CDN Teatro Valle-Inclán, *Hemos venido a darlo todo*, *Je suis narcissiste*, *Othello*, *Campo de figos* e *Comedia sen título*.

Foi distinguido co Premio Revelación Ribeiro da Fonte no ano 2004.



Blanca Añón

ESCENOGRAFÍA

Deseñadora *freelance* de escenografía e vestuario para ópera, teatro e danza, chegou á escenografía a través da escultura, a instalación e a videoarte. É licenciada en Belas Artes na Universitat Politècnica de Valencia e na Hochschule für Bildende Künste de Hamburgo. En 2012 obtivo o seu MFA en deseño de escenografía na TISH School of the Arts da Nova York University, onde recibe o premio Oliver Smith American Design Award. Abrangue diferentes campos das artes escénicas, desde a ópera ao teatro contemporáneo, pasando polo teatro máis experimental e visual.

Traballou con Simon Stone, Richard Gerard Jones, Christopher Alden, Daniel Fish, Robert Woodruff, Valentina Carrasco, Ola Maciejewska, Marcos Morau (La Veronal), Alexey Frandetti, El Conde de Torrefiel, La Brutal, La Teta Calva, Pérez&Disla e Maria Salguero, entre outros nomes. O seu traballo foi visto en numerosos teatros e festivais nacionais e internacionais.

En ópera deseñou escenografías e vestuario para *Lucia di Lammermoor* no Metropolitan de Nueva York, *Tristan und Isolde* no Festival Aix-en-Provence, *Manon Lescaut* no Teatr Wielki de Poznan, *Rigoletto* na Ural Opera House de Ekaterinburgo, *Orfeo ed Euridice* en Luzerner Theater ou *OEdipe* en la National Opera House de Bucarest.

Galardoada en numerosas ocasións, entre os seus recoñecementos cómpre salientar dous Premios Martín Códax da Música.



Esther Quintas

CARACTERIZACIÓN

Formada en maquillaxe e caracterización na escola de Stick Art Studio de Barcelona. Dende que rematou os seus estudos fixo diferentes traballos relacionados co mundo da maquillaxe. Participou en series da TVG como *Matalobos*, *O final do camiño* ou *Auga seca*, e impartiu clases de posticería na Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV).

No ano 2016 ten a primeira experiencia co teatro, facendo o deseño de caracterización para *Regras para saber vivir na vida moderna*, de Sarabela Teatro, e un ano despois traballa en *Martes de carnaval*, do Centro dramático Galego, dirixida por Marta Pazos. Tamén no CDG se encarga da caracterización de *Neorretranca e Posmorriña*, dirixida por Gena Baamonde no ano 2019.

O seu último traballo é o deseño de caracterización e vestuario do novo espectáculo de A Panadaría, *As que limpan*.



Pier Paolo Álvaro

VESTIARIO

Egresado da Escola de Belas Artes e Deseño de Caracas, é figurinista e director de arte con máis de 20 anos de experiencia no mundo da escena en España.

Comezou o seu percorrido profesional en proxectos publicitarios, como deseñador gráfico e axudante de dirección de arte e vestuario, e formou parte de dúas montaxes para Danza Contemporánea Venezuela.

Tras cursar estudos de comunicación audiovisual na escola Instituto Europeo de Designe (IED) de Madrid, abriu xunto a Roger Portal o espazo para a creación artística PIERPAOLOALVARO ESCENA, ARTE, MODA.

Formouse tamén cun máster de Artes Escénicas na Scuola Cònia Societas da Organizzazione Claudia e Romeo Castelluci. Consolidado na escena española como figurinista, director de arte e asesor artístico, céntrase de xeito exclusivo nas artes escénicas e o cine. Ademais, é profesor de proxectos no Máster de vestuario da Escola de Cinematografía e do Audiovisual da Comunidade de Madrid.

Membro da Asociación de Artistas Plásticos Escénicos de España (AAPEE) e de The International Organization of Scenographers, Theatre Architects and Technicians (OISTAT España), foi nomeado aos Premios Max 2020 ao Mellor Deseño de Vestuario pola ópera *Je suis narcissiste*.



Iria Azevedo

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Diplomada en Educación Infantil pola USC e Máster en Estudos Avanzados de Teatro pola UNIR, é actriz, dramaturga, directora e docente teatral.

Fundou as compañías Teatro do Miolo, Debulla Escénica e Acción Camándula, nas que escribiu e dirixiu máis de vinte espectáculos de creación propia. Como intérprete traballou baixo a dirección de Marta Pazos, Quico Cadaval, Xulio Lago e Ánxeles Cuña, entre outros nomes. Ademais, protagonizou *Martes de Carnaval* para o Centro Dramático Galego e asistiu a dirección de *Neorretranca e Posmorriña*, tamén do CDG.


Como docente centra a súa carreira desde hai máis de 15 anos en fundar e coordinar aulas de teatro en vilas por toda a xeografía galega, así como en diversos centros de ensino primario e secundario. Neste ámbito cómpre destacar a creación da Chá Summer School en Vilalba, con alumnado e docentes de Galicia, Italia, Escocia e Portugal.


Canto ao eido audiovisual, formou parte do reparto das series *Serramoura*, *Viradeira* e *O sabor das margaridas* para a Televisión de Galicia.

SAIDA



www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)